

Folla inscrición

Enviar a folla de inscrición cuberta por mail
[prazas limitadas, por rigorosa orde de inscrición]

Data límite de inscrición LUNS 23 DE OUTUBRO DE 2017

APELIDOS

NOME

TELÉFONO

E-MAIL

DNI

ENDEREZO

POBOACIÓN

PROVINCIA

C.P.

OCUPACIÓN

OUTORGARASE CERTIFICADO DE ASISTENCIA

MÁIS INFORMACIÓN

www.interculturalidade.net

comunicacion@ecosdosur.org

T. 881965692 - 698178906 (WhatsApp)



CENTRO SOCIOCULTURAL DE MEICENDE TRAVESÍA DE MEICENDE 132 - ARTEIXO - A CORUÑA



ORGANIZAN



www.arteixoo.org

www.ecosdosur.org

Xornadas de Sensibilización sobre a Interculturalidade
do Concello de Arteixo

2003 - 2017

15 anos construíndo coñecemento
compartido en torno á diversidade



15^{as} XORNADAS de Sensibilización sobre a Interculturalidade do CONCELLO DE ARTEIXO

combatendo
as redes de

ODIO



#ArteixoNotate

«Os desafíos dos DDHH na era internet»

26 OUTUBRO 2017

XORNADA TÉCNICA PARA O PÚBLICO INSCRITO
Centro SOCIOCULTURAL DE MEICENDE

27 OUTUBRO 2017

SESIÓNS PARA O ALUMNADO DOS
IES MANUEL MURGUÍA E PASTORIZA



«COMBATENDO AS REDES DE ODIU: OS DESAFÍOS DOS DEREITOS HUMANOS NA ERA INTERNET»

Presentación

Internet é a nova área na que se dirimen os problemas sociais, proyéctanse cuestións á axenda mediática e política, mobilízase a opinión pública. É tamén, admitámolo, o campo hiperabonado para a intolerancia, o acoso, o racismo, o odio e o fanatismo. Estamos a asistir ao nacemento de novos delitos e á apertura de novas fendas na cohesión social.

A retroalimentación entre odio na rúa - odio na internet/discurso do odio - delitos de odio está de perigosa actualidade, en tendencia ascendente. As actitudes racistas, machistas e intolerantes atopan o seu caldo de cultivo na contorna online: anonimato, distancia e viralidade alimentan unha paisaxe dixital que ataca a convivencia integradora e o respecto á diversidade.

- Por que a intolerancia está sobre representada na internet?
- Debe ter límites a liberdade de expresión?
- Cal é o rol dos bulos e as fake news nos posicionamentos da opinión pública?
- Como se está utilizando o innegable poder mobilizador do odio para atacar a convivencia?
- Como podemos frear o seu impacto, para protexernos a nós e á sociedade?
- Que estratexias innovadoras están a xurdir dende o ciberactivismo?

Nas **XV Xornadas de Sensibilización sobre a Interculturalidade do Concello de Arteixo** exploraremos as causas e consecuencias do clima de posverdade, e as oportunidades e retos que supón o proceso de construción dixital das opinións.

Persoas destinatarias

A Xornada técnica está dirixida a persoas traballadoras do ámbito social e da comunicación, técnicas de servizos sociais en concellos e entidades sociais, docentes, educadoras, estudantes e todas aquelas interesadas nos fenómenos emerxentes do discurso do odio, os delitos de odio e a intolerancia online.

Inscrición

- A inscrición poderase facer a través da web ou vía e-mail:
 - **WEB (www.interculturalidade.net)**: cubrir o formulario de inscrición da web e, nos casos dos/as estudantes, persoas en paro ou pensionistas/xubiladas, adxuntar a tarxeta de estudante escaneada, a tarxeta de demandante de emprego ou o xustificante de pensión/xubilación, segundo corresponda.
 - **E-MAIL (comunicacion@ecosdosur.org)**: enviar todos os datos do formulario de inscrición no e-mail e, nos casos dos/as estudantes, persoas en paro ou pensionistas/xubiladas, adxuntar a tarxeta de estudante escaneada, a tarxeta de demandante de emprego ou o xustificante de pensión/xubilación, segundo corresponda.
- Nº de conta para facer o ingreso da inscrición:
“la Caixa” – ES76 2100 2725 2802 0003 4085
- No concepto do ingreso especificar “Xornada” e o nome e apelidos da persoa inscrita. A inscrición non estará debidamente formalizada ata que non se faga dito ingreso.
- No caso de superarse o aforo da Xornada técnica e realizarse o ingreso, comunicaráse ao/á interesado/a e farase a devolución inmediata do mesmo.
- Prezo inscrición: **10,00 eur.** [6,00 eur. para estudantes, persoas en paro ou pensionistas/xubiladas que o acrediten]. Inclúe xantar intercultural.
- Capacidade limitada de **100 PRAZAS** [imprescindible inscrición].
- Data límite de inscrición: **LUNS 23 DE OUTUBRO DE 2017.**
- Lugar de celebración: **CENTRO SOCIOCULTURAL DE MEICENDE** (Travesía de Meicende 132. 15140 Arteixo - A Coruña).

Programa

XOVES, 26 DE OUTUBRO

- 9:00 h.** **RECEPCIÓN** e **ENTREGA** de documentación.
- 9:30 h.** **RELATORIO. Os nativos dixitais non existen nin se lles espera.** **D. Javier Pedreira, ‘Wicho’**, responsable de informática dos Museos Científicos Coruñeses, co-creador de Microsiervos e coordinador do libro *Os nativos dixitais non existen*.

- 10:30 h.** **RELATORIO. Online/offline: ¿Hai atallos para loitar contra a violencia?.** **Dna. Leila Nachawati Rego**, profesora de Comunicación, activista polos Dereitos Humanos e experta en Oriente Medio.
- 11:30 h.** **PAUSA - CAFÉ.**
- 12:00 h.** **RELATORIO MARCO. O traballo en rede da cidadanía, unha estratexia a favor da convivencia intercultural.** **Dna. Elena Caballé Roselló**, co-fundadora e directora técnica de Institut Diversitas. Membro da Comisión de Estratexia da Xarxa Barcelona Antirumors.
- 13:30 h.** **ACTO DE PRESENTACIÓN**, a cargo de **D. Carlos Calvelo Martínez**, alcalde de Arteixo; **Dna. Susana López Abella**, secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia; **Dna. Inés Ramos Álvarez**, concelleira de Servizos Sociais e da Área de Benestar Comunitario do Concello de Arteixo, e **Dna. Saray Durán Gato**, directora da área técnica da ONG Ecos do Sur.
- 14:00 h.** **XANTAR INTERCULTURAL** e **CERIMONIA DO TÉ.**
- 16:00 h.** **MESA REDONDA. Internet e os límites da liberdade de expresión.**
 - **Dna. Antía Fernández**, activista social e ciberactivista, ex xogadora de voleibol no CDPF, voluntaria de CRE e Protección Civil.
 - **Dna. Beatriz Galavía**, avogada experta en cibercriminos.
 - **D. Marcos Mosquera**, representante do Colexio de Xornalistas na demarcación da Coruña. Redactor xefe de La Opinión A Coruña.
- 17:30 h.** **OBRADOIRO DE INNOVACIÓN SOCIAL. Ciberactivismo contra o odio.** SOS Racisme Catalunya e Institut de Drets Humans de Catalunya.
- 19:30 h.** **ACTO DE CLAUSURA.** Espectáculo de artes escénicas e peche.

VENRES, 27 DE OUTUBRO

Sesiões didácticas para o alumnado dos IES Manuel Murguía e Pastoriza.

Fake News, No Good News, unha formación sobre consumo crítico e responsable da información que chega a través de Internet. ONG Ecos do Sur.